

PAK.

CPI DOMINGO FONTÁN  
23-24

## ÍNDICE

1. [PRESENTACIÓN](#)
2. [XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS](#)
3. [DESCRINCIÓN DA BIBLIOTECA](#)
4. [LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS PARA ESTE CURSO](#)
  - 4.1. [Organización](#)
  - 4.2. [Xestión dos Fondos](#)
5. [FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL \(COMPETENCIAS PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, APRENDER A APRENDER E COMPETENCIA DIXITAL\)](#)
6. [COORDINACIÓN DE PROXECTOS E ASESORAMENTO](#)
7. [FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR](#)
8. [ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE](#)
  - 8.1. [Conmemoracións](#)
  - 8.2. [Celebracións](#)
9. [COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS OU ENTIDADES](#)
10. [AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA](#)
11. [PLAN DE MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES](#)
  - 11.1. [Presentación](#)
  - 11.2. [Actividades Planificadas \(poderán sufrir variacións e incorporacións\)](#)
12. [DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS](#)
13. [CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS](#)

[ANEXO: TÁBOA INDICADORES DE LOGRO BIBLIOTECA PLAMBE 2023/24](#)

## 1. PRESENTACIÓN

Este plan anual de lectura pretende concretar os obxectivos xerais do Proxecto Lector de Centro (resumidos en “*saber ler*”, “*querer ler*”, “*poder ler*”) que renovaremos este curso.

Somos conscientes de que a lectura é un instrumento fundamental na formación integral dos nosos alumnos e a través do cal poderán desenvolver as súas potencialidades cognitivas, emocionais, sociais e creativas, de xeito que a biblioteca será fundamental á hora de poder contribuír á adquisición das competencias. Para isto é fundamental o acceso a unha biblioteca cómoda e atractiva, a formación de usuarios (ALFIN e AMI) e a organización sistemática de actividades de animación á lectura e á escritura.

Nestes últimos anos imos observando certas deficiencias e dificultades neste campo tales como:

- A limitada competencia informacional que fai difícil o desenvolvemento autónomo á hora de procesar correctamente a abraiante cantidade de información dispoñible, seleccionar fontes fiables e citas de xeito correcto.
- A falta de motivación cara á lectura, especialmente na ESO.
- A mala calidade da comprensión lectora e a deficiente expresión escrita.
- A falta de soltura no manexo das TICs e, moi especialmente, a escaseza de formación na seguridade na rede e protección de datos.

## 2. XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS

O principal obxectivo é a formación de lectores e escritores competentes, así como lograr que os alumnos fagan un uso autónomo e proveitoso dos recursos dispoñibles. Para isto incidiremos nos seguintes aspectos:

- Aprender e poñer en práctica estratexias de comprensión lectora, con todo tipo de textos e en todas as áreas de aprendizaxe.
- Fomentar a convivencia e o traballo colaborativo, así como a aprendizaxe autónoma e a interacción entre etapas educativas, tan propia dun CPI.
- Colaborar na adquisición das competencias clave.
- Educar as habilidades e destrezas propias da competencia en información e medios (ALFIN/AMI).
- Favorecer a adquisición do hábito lector e mellorar a capacidade de lectura e escritura do alumnado.
- Potenciar o achegamento dos alumnos ás tecnoloxías da comunicación e información, sempre con seguridade.
- Continuar co noso esforzo por facer da biblioteca un espazo para a creación e a investigación fomentando o traballo por proxectos e a colaboración interdisciplinaria, moitos deles de carácter europeo. Por iso seguiremos a participar en proxectos que unen varias materias e linguaxes: robótica, impresión 3D, radio, xogos inclusivos, Escola de Xadrez e as Artes Plásticas. Neste eido

estamos a deseñar un proxecto interdisciplinario baseado no patrimonio local e con obradoiros de carácter audiovisual, construtivo e creativo, para desenvolve-lo nun novo espazo específico (a antiga casa do conserxe) que imos acondicionar para trasladar a nosa radio (e insonorizala) e montar un laboratorio audiovisual e para o que estableceremos protocolos de uso.

- Impulsar diversos proxectos de interese: PLAMBE, Plan Proxecta, Proxectos Europeos, Bibliotecas Solidarias e Radio Escolar.
- Seguir a potenciar todo o relacionado co Ensino Integrado das Linguas (Seccións Bilingües, Auxiliar de Conversa, proxectos eTwinning) e repetiremos algunhas actividades de escritura creativa (haikus, caligramas, videopoemas, Poesía Visual, booktubers) que resultan moi exitosas todos os cursos.
- Sacarlle todo o partido posible ao novo mobiliario adquirido co orzamento extraordinario do PLAMBE e dos outros programas nos que participamos: novas cadeiras apilables, expositores, mesas abatibles, impresora a cor, croma verde, plastificadora, coxíns... sempre intentando favorecer o traballo en grupo e a interacción.
- Implicar á maior parte do profesorado posible, así coma ás familias, facéndoas conscientes do seu papel na formación dos lectores.
- Fomentar o gusto pola lectura como alternativa de ocio.
- Dar a coñecer os fondos da biblioteca para fomentar o seu goce.
- Adquirir novos fondos que satisfagan as necesidades de toda a comunidade educativa e que atendan á diversidade.
- Seguir avanzando na busca dunha biblioteca realmente inclusiva.

### 3. DESCRIPCIÓN DA BIBLIOTECA

Dispoñemos dunha biblioteca escolar en razoable bo estado despois de anos de esforzo invertidos na súa remodelación por parte do profesorado encargado e grazas aos orzamentos extraordinarios do PLAMBE e de Biblioteca Inclusiva.

A biblioteca non presenta barreiras arquitectónicas nin materiais de xeito que as persoas con discapacidade poden facer uso dela nas mesmas condicións que o resto da comunidade educativa.

Xa dende hai algúns anos estamos a diferenciar “ambientes lectores”: hai un espazo para os lectores de infantil e primeiro ciclo de primaria (adaptado ás súas características), un espazo de traballo en grupo, un recuncho para lectura informal e outro para acceso dos alumnos aos ordenadores.

#### 3.1. Organización do Tempo

A biblioteca está a disposición da comunidade educativa durante todo o período lectivo, coa salvedade que debe estar un profesor presente, polo que dadas as escasas horas que podemos dispoñer os membros do equipo (2h na ESO e 4h en EP) gran parte do tempo deberán ser os profesores/titores quen deban facerse cargo.

Por regra xeral, os empréstitos/devolucións realízanse nos recreos. Estes últimos cursos, por non mesturar as aulas de E. Primaria e da ESO, establecéronse quendas de recreo separadas, polo que necesitamos o dobre de horas de garda.

Tamén fora do período lectivo estará dispoñible para a Escola de Xadrez (dúas tardes á semana), o Plan Madruga (todas as mañás) e a Escola de Familias (1 ou 2 tardes por trimestre).

Ademais, a biblioteca estará aberta a empréstitos e á realización de traballos escolares/busca de información nos recreos de comedor da ESO, por parte de profesores de Secundaria.

Poñemos, coma sempre, a biblioteca á disposición da comunidade educativa para a realización de exposicións, representacións, conferencias, contacontos, visionado de documentais, actuacións... pois non contamos con salón de actos no colexio.

#### 4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS NESTE CURSO

##### 4.1. Espazo, instalacións e mobiliario

Os nosos obxectivos para este curso son:

- Acabaremos de colocar o novo mobiliario adquirido o curso pasado: mesas, cadeiras e estantería de Inglés.
- Compraremos, montaremos e colocaremos o mobiliario adquirido co orzamento extraordinario do PLAMBE: cadeiras, estanterías, mesas... O obxectivo é facer máis agradable e versátil o recinto para empregalo coma salón de actos. De todos os xeitos o noso compromiso coa sustentabilidade fai que intentemos sempre restaurar e reutilizar o que xa temos.
- Faremos unha escolma e remodelación das cadeiras, para baleirar o espazo e reemprazar ás deterioradas.
- Seguiremos a intentar flexibilizar o espazo, pois a biblioteca é empregada tamén coma aula, lugar de reunións, escola de xadrez e salón de actos.
- Remataremos o cambio da ubicación e distribución dos textos de non-ficción que estaban pouco accesibles no corredor da biblioteca para colocalos na zona central.
- Recolocaremos o “Recuncho de Europa” cos fondos relativos ao noso grupo de traballo de proxectos europeos (eTwinning e Erasmus+), para o que mercamos expositores e creamos unha CDU específica. Seguiremos aumentando o European Corner cos fondos propios e solicitaremos tamén fondos específicos á EU Book (A Librería de Europa) e os nosos libros colaborativos virtuais.
- Colocaremos novos e máis modernos carteis para sinalar os andeis máis claramente.
- Melloraremos o recuncho de lectura informal, os expositores e o andel das publicacións periódicas.
- Acondicionaremos a antiga casa do conserxe para aproveitala dende a Biblioteca coma un espazo creativo.

- Faremos que o mobiliario favoreza o traballo en grupo e a interacción, especialmente os asentos circulares, para os que deseñaremos unha alfombra de reciclaxe.
- Decoraremos, progresivamente, o novo recuncho de ordenadores e iremos adquirindo tablets, máis manexables, e un armario para cargalas e gardalas.
- Encargaremos un novo módulo de estantería para a Narrativa e decoraremos as estanterías de Inglés mercadas o curso pasado.
- Remodelaremos as bibliotecas de aula (grazas ao mobiliario adquirido no final de curso).

#### 4.2. Xestión dos Fondos

Os nosos obxectivos para este curso son:

- Seguiremos ofrecendo os servizos bibliotecarios básicos.
- Acabaremos de completar os recursos para a Biblioteca Inclusiva, para iso investigaremos sobre o eido da “Lectura Fácil”.
- Remataremos o inventario dos fondos dispersos do colexio para xestionalos fondos de xeito centralizado.
- Nomearemos axudantes de biblioteca entre os alumnos para colaborar na biblioteca nos recreos e nos recreos de comedor.
- O curso pasado acabamos por fin coa re-catalogación dos fondos mal volcados ao cambiar de programa (máis de 10.000) polo que por fin poderemos centrarnos nas novas adquisicións, das bibliotecas de aula e na mellora/redistribución dos antigos.
- Continuaremos a adquirir fondos para a nova CDU de carácter local (4) cos fondos que temos sobre Portas, Domingo Fontán e o noso CPI.
- Adquiriremos novos fondos para a biblioteca segundo as necesidades do centro, tratando como ata o de agora de equilibrar a porcentaxe entre ficción/non-ficción, aumentar a presenza do Galego, diversificar o soporte e fomentar o comercio local.
- Reorganizaremos o acceso aos ordenadores así como os contidos dispoñibles nos mesmos.
- Aumentaremos e melloraremos os nosos fondos de carácter audiovisual, así como a sinalización e exposición dos mesmos.
- Faremos unha escolma para a adquisición de novos fondos para a nova Sección Bilingüe de Bioloxía e seguiremos coa de Arte.
- Renovaremos os carnets antigos e crearemos os novos.
- Crearemos unha nova CDU para os fondos de memoria histórica.
- Completaremos os rexistros existentes con máis datos para preparar o noso paso ao Koha e catalogaremos as novas adquisicións e as bibliotecas de aula.
- Ampliaremos o uso da plataforma ELBE e, en xeral, a lectura dixital e melloraremos a súa xestión e empréstitos de ebooks.

## 5. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (COMPETENCIAS PARA O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, APRENDER A APRENDER E COMPETENCIA DIXITAL)

A formación de usuarios e a informacional é un aspecto fundamental do traballo da nosa Biblioteca, polo que seguiremos a desenvolverlas e a tratar de melloralas. Pretendemos aumentar as habilidades de busca de información do noso alumnado e profesorado, á vez que intentaremos que comprendan cando e por que se necesita esa información, así como onde atopala e como analizada e empregala axeitadamente e con respecto ás fontes.

O obxectivo final é que os alumnos fagan un uso autónomo e proveitoso dos recursos dispoñibles. Para iso, os alumnos deben familiarizarse coa organización e funcionamento da biblioteca, para o que elaboramos diversas actividades específicas. Isto será especialmente necesario este curso no que se rematou a redistribución total dos fondos da biblioteca e do mobiliario, polo que deberá intensificarse a formación de usuarios en todas as etapas, tanto dos alumnos coma dos profesores, e adaptalos á nova realidade.

Ademais, son obxectivos concretos para este curso:

- Crear e maquetar manuais de distintos temas importantes para a comunidade educativa e continuar coa edición de Boletíns Bimensuais coas novas, programa de actividades, recomendacións de lecturas (por datas e/ou temas sinalados) consellos ALFIN e AMI e pautas para a realización e entrega de traballos.
- Atender á necesidade do alumnado de contar con recursos para a elaboración dos seus traballos de investigación (busca de información, e elaboración de produtos escritos e/ou en soporte electrónico) para o que ampliaremos o tempo de atención a períodos non lectivos, poremos á súa disposición a nova impresora a cor (baixo supervisión) e priorizaremos o uso dos ordenadores para estes fins.
- Afacer ao alumnado ás visitas periódicas á biblioteca para a escolla de libros e crear actividades para que aprendan a buscar e ordenar os recursos dispoñibles.
- Maquetar e publicitar as Guías de Lecturas obrigatorias establecidas polos distintos departamentos, crear unha segunda parte da Guía de Biblioteca Inclusiva e mellorar os itinerarios lectores.
- Crear “Pasaportes de Lectura” para os rapaces máis novos de Primaria.
- Diseñar e crear marcapáxinas con distintas temáticas.
- Promover a formación do profesorado e o asesorar nos seus proxectos e traballos segundo as súas funcións, necesidades e inquietudes. Para isto integramos un novo seminario sobre a biblioteca no PFPP que xa temos en marcha no centro, coordinado polo CFR de Pontevedra.
- Coordinar os proxectos de Programas Europeos, tanto de eTwinning coma de ERASMUS+.
- Poñer a punto os ordenadores adquiridos o curso anterior e instalar os programas máis relevantes.
- Crear actividades máis sistematizadas para que os alumnos aprendan a buscar e ordenar os recursos dispoñibles. Tamén levaremos a cabo visitas explicativas das normas da biblioteca, da distribución dos fondos e da CDU, con actividades para comprobar a asimilación do explicado.

- Diseñar e crear de exposicións relacionadas co tema xeral do Proxecto PLAMBE e outros aspectos de interese nos taboleiros do centro, no recuncho de exposicións da Biblioteca e nos novos expositores portátiles.
- Participaremos no Proxecto Correspondentes Xuvenís 3.0 que busca espallar as novas relacionadas coa xuventude na contorna e no proxecto Prensa na Escola.

## 6. COORDINACIÓN DE PROXECTOS E ASESORAMENTO

Un curso máis, a Biblioteca será un piar fundamental na vida escolar do centro, deste xeito coordinará numerosos proxectos e ofrecerá os seus recursos e asesoramento noutros moitos:

- Elaboraremos un novo Plan Anual de Lectura para todo o centro e colaboraremos na modernización do Proxecto Lector. Promoveremos a súa aprobación por parte das instancias correspondentes.
- Coordinaremos o PFP de este curso con actividades dentro da liña da Biblioteca: Proxecto Lector e Ensinanza CLIL.
- Colaboraremos cos Departamentos de Inglés, Debuxo e Bioloxía da ESO nas Seccións Bilingües.
- Coordinaremos novos proxectos relacionados cos programas eTwinning e Erasmus+ (especialmente no asesoramento sobre selección e adquisición de fondos específicos).
- Afianzaremos o programa "Radio na Biblio", trasladando a emisora, insonorizando a peceira e planificando obradoiros.
- Promoveremos, coordinaremos e/ou apoiaremos proxectos de carácter interdisciplinario, incluído algún dos Plans Proxecta.
- Seleccionaremos e formaremos alumnos voluntarios para solicitar o Plan de Bibliotecas Escolares Solidarias.
- Relacionarémonos cos outros equipos e departamentos, colaborando en todos os proxectos que vexamos de interese e promovendo a colaboración co EDLG (participaremos na axenda escolar, revista, calendario, Días das Artes e das Letras Galegas...) e co de Extraescolares (sobre todo nas celebracións de Samaín, Nadal e Entroido).
- Coordinaremos e desenvolveremos o Proxecto do Plan de Mellora das Bibliotecas escolares.
- Coordinaremos as actividades planificadas dende a biblioteca e organizaremos as publicacións previstas e participaremos nas celebracións colectivas do centro.
- Continuaremos co proxecto e o blog sobre Domingo Fontán: "Tras os pasos de Domingo Fontán".
- Seguiremos a colaborar con outros CFR na formación do profesorado, coma relatores.
- Colaboraremos co Departamento de Orientación na Escola de Familias.



## 7. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

O Plan de Lectura levarase a cabo tal e como está programado para o próximo curso dentro da programación Xeral Anual e terá como obxectivo final fomentar no alumnado o hábito e o gusto pola lectura.

O noso Proxecto Lector quedou un pouco obsoleto e tentaremos actualizalo e melloralo, adaptándoo á nova normativa. O novo texto (actualizado e mellorado) será presentado para a súa aprobación polos órganos correspondentes e integrado na Programación Xeral Anual do próximo curso.

O noso obxectivo final fomentar no alumnado o hábito e o gusto pola lectura, e entre as actividades de fomento da lectura, tanto sistemáticas coma puntuais, podemos destacar:

- Continuaremos coa actividade “A Hora de Ler” que consiste nunha sesión dedicada á lectura simultánea de todo o centro e que vai rotando cada semana para non afectar sempre ás mesmas materias. Nalgúns casos estas horas agrúpanse para dar lugar a proxectos máis amplos. Empregaremos esta hora nalgúns casos para elaborar unha emisión da radio escolar ou saír ao céspede.
- Repetiremos o apadriñamento lector de bos resultados outros cursos, así como os contacontos e os encontros con autores. A idea é a de potenciar o ensino entre iguais (tan propio dun CPI) no que os alumnos maiores explicarán algún tema e/ou farán un contacontos aos máis pequenos. Tamén seguiremos a ofertar aos pais a posibilidade de que veñan a contar un conto aos alumnos.
- Realizaremos distintos obradoiros e exposicións para celebrar as conmemoracións máis relevantes (efemérides, premios literarios, aniversarios de ano de escritores salientables...) así coma o Día Internacional da Poesía, do Libro e das Letras e das Artes Galegas. Ademais celebraremos moitas datas que teñan que ver con Europa: o Día Europeo das Linguas, o Día de Europa e o Día dos Autores Europeos (novo).
- Tamén colaboraremos nas celebracións habituais ao longo do curso, para as que elaborará proxectos concretos relacionados coa temática xeral elixida para este curso: Samaín, Semana da Ciencia en Galego, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día da Muller...
- Un día á semana procederase a traballar cos periódicos nas aulas, dentro do plan “A Prensa na Escola” da Voz de Galicia, no que participará toda a ESO (alternando semanalmente o primeiro e o segundo ciclo).
- Organizaremos o maior número de contacontos, encontros con escritores e xuntanzas con científicas e expertos varios.
- Aumentaremos os proxectos e a formación en TICs: traballaremos na creación de libros dixitais, as presentacións multimedia, o uso do TwinSpace, a creación de recursos educativos con Genially, a gravación e edición de son, o aproveitamento das ferramentas Google e as redes sociais (sempre facendo fincapé na seguridade na rede).

## 8. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS, A INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

- Aumentaremos o uso da biblioteca como espazo de documentación e consulta, tanto a través de actividades específicas tanto coma do uso por parte do profesorado.
- Promoveremos a formación do profesorado e o asesoraremos nos seus proxectos e traballos segundo as súas funcións, necesidades e inquietudes.
- Dinamizaremos e promocionaremos os recursos da biblioteca, e difundiremos as actuacións e proxectos levados a cabo a través dos distintos medios de comunicación (blogs, páxina web, boletíns, exposicións, revista escolar, Twitter, Instagram, prensa, facebook...)
- Intentaremos implicar ás familias coa participación en diversas actividades.

### 8.1. Conmemoracións

- Día contra a Violencia de Xénero.
- Día de Europa.
- Día Europeo das Linguas.
- Día da Poesía.
- Día das Bibliotecas.
- Día da Muller na Ciencia.
- Día de Martin Luther King.
- Día do Cómic.
- Efemérides Literarias (aniversarios do nacemento/morte de autores importantes así como o ano da publicación de obras relevantes...).

### 8.2. Celebracións

- Samaín: Decoración do centro e da biblioteca; recomendacións de Samaín; marcapáxinas; photocall; concursos de relatos, de ilustración e de redacción.
- Semana da Ciencia en Galego. Celebracións e exposicións relacionadas cos fondos STEAM.
- Día Mundial dos Dereitos do Neno.
- Día Mundial das Persoas con Discapacidade. Traballo colaborativo e exposición.
- Nadal. Decoración do centro e da biblioteca; creación dun photocall; exposición de recomendacións lectoras.
- Día da Paz. Proxecto colaborativo e exposición.
- Entroido. Participación nas celebracións colectivas; decoración.
- Día da Muller. Proxecto interdisciplinario e exposición. Deseño de marcapáxinas.
- Día do Libro. Semana dedicada á lectura; charlas con escritores.
- Día das Letras Galegas. Obradoiros lingüísticos e artísticos; podcast na radio; contacontos e charlas con escritores.

## 9. COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS OU ENTIDADES

A Biblioteca fomentará a colaboración con outros organismos ou entidades, de xeito que promoverá:

- Asistencia dalgún/s membro/s do equipo ás xornadas de bibliotecas escolares e aos encontros de centros participantes no PLAMBE, para poñernos en relación con outros equipos de traballo.
- Participación nos cursos e plans de formación relacionados coas bibliotecas escolares.
- Relación a través do Meiga con outras bibliotecas escolares.
- Contactos con editoriais para organizar encontros con escritores.
- Relación coa Asociación Domingo Fontán para manter o achegamento a esta figura clave na zona e continuar o blog.
- Colaboracións cos outros departamentos do centro nas actividades que resulten de interese.
- Continuación dos obradoiros da Cruz Vermella.
- Mantemento da colaboración co Concello de Portas para organizar diversos obradoiros sobre saúde e igualdade, e celebracións varias, especialmente o Entroido.
- Relación co CFR de Pontevedra nos seminarios coordinados pola biblioteca.
- Continuación da relación coa nosa escola amiga de Kiev: Horenychi Secondary School.
- Relación co Sepie (servizo español para a internacionalización da educación).
- Coordinación dos clubs de lectura de nenos e de adultos organizados no centro.
- Ampliación de relacións con outras escolas galegas coma relatores nos PFPP e con escolas europeas a través dos programas ERASMUS+ e eTwinning.
- Establecemento de relacións con centros educativos de toda Europa, a través dos nosos proxectos europeos así coma seremos receptores de observacións de boas prácticas. Tamén a través da plataforma eTwinning e coa Embaixada Galega.
- Proposta de UNICEF (O Mural dos Dereitos) para traballar valores e as poñeremos en común con outras escolas participantes.
- Conferencia de Centros eTwinning en Madrid en Novembro do 2023.

## 10. AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

A nosa Biblioteca non presenta barreiras arquitectónicas nin materiais de ningún tipo, de xeito que as persoas con discapacidade poden facer uso dela practicamente nas mesmas condicións que o resto da comunidade educativa. Hai algúns cursos logramos a ampliación da porta de entrada e o deseño dunha cartelería adaptada e no curso pasado creamos etiquetas específicas para sinalar este tipo de fondos e facilitar a súa consulta.

Por outra banda, dende a Biblioteca tratamos de atender ás necesidades educativas especiais, colaborar na superación de problemas de aprendizaxe e adaptarnos aos alumnos que presentan altas capacidades. Para isto fixemos cambios ata lograr unha Biblioteca accesible e facilmente transitable para garantir o acceso igualitario a todos os seus recursos.

Nestes últimos cursos, grazas aos orzamentos extraordinarios de Biblioteca Inclusiva, puidemos avanzar moito neste campo:

- Mercamos equipamento específico e mobles.
- Adquirimos tablets e as adaptamos para os rapaces que precisan reforzo (P.T.).
- Diversificamos os nosos fondos coa adquisición de xogos manipulativos e pedagóxicos, que puxemos á disposición dos interesados e do Equipo de Orientación.
- Aumentamos os nosos fondos textuais con gran cantidade de obras de temáticas relacionadas coa valores, a igualdade e a inclusión que este curso continuaremos a promocionar.

#### **Neste curso 2023/24:**

- Publicaremos unha 2ª guía de lecturas da Biblioteca Inclusiva e unha de Igualdade.
- Aumentaremos os nosos fondos e crearemos actividades específicas para traballar sobre a inclusión e a igualdade: Palabras de Caramelo, Diario de Greg, Invisible, Malos de conto...
- Deseñaremos carteis en escritura *Braille* para sinalar os distintos espazos da nosa Biblioteca.
- Propulsaremos a celebración das seguintes datas:
  - Día da saúde mental.
  - Día contra o acoso escolar.
  - Día das persoas con discapacidade.
  - Colaboraremos coa celebración da II Semana da Cultura Xitana do CPI, para fomentar a integración da minoría romaní.
- Buscaremos proxectos europeos exitosos neste eido, para coñecelos de primeira man.
- Colaboraremos co PFPP do centro “Patios Dinámicos” e coas charlas da Escola de Familias.
- Formarémonos en igualdade, prevención do abandono escolar temperán e atención á diversidade.
- Publicitaremos e crearemos protocolos de uso dos xogos educativos, software e fondos adquiridos nestes últimos tempos cos orzamentos específicos.
- Seguiremos a colaborar coa PT para facilitar o acceso ás novas tecnoloxías dos alumnos con necesidades especiais, para o que adquirimos unha licencia da aplicación Genially para a elaboración de materiais de publicación privada.

## **11. PLAN DE MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES**

### **11.1. Presentación**

No curso 2023/24 queremos desenvolver un proxecto de título “Vivir do Conto”, co que buscamos sacarlle o máximo partido aos nosos fondos tras unha intensa década na que o equipo da biblioteca

asumiu dous retos que parecían inabarcables: rexistrar de novo os 10.000 volumes mal volcados dende o programa anterior ao Meiga e cambiar toda a colección de non-ficción do corredor ao espazo central, rexistrado e clasificado por temas e cores. Ademais da adquisición e montaxe do importante equipamento conseguido grazas aos orzamentos do PLAMBE e da Biblioteca Inclusiva.

Este curso centrarémonos especialmente en libros de ficción (sen ter que ser especificamente “contos”), e o próximo curso no apartado de libro informativo.

Aparte desta merecida recompensa, á hora de elixir o tema tamén seguimos os criterios habituais:

- A súa adecuación como proxecto interdisciplinario e transversal.
- A facilidade para adaptalo ás tres etapas educativas do centro.
- O seu fomento da inclusión e da multiculturalidade.
- A posibilidade que ofrece de optimizar os recursos da Biblioteca e dos nosos demais proxectos (Seccións Bilingües, Programas Europeos, Plans Proxecta, Radio Escolar).
- A facilidade de adaptalo ao noso labor de internacionalización da escola “Abrindo Portas a Europa” e ao noso esforzo destes últimos anos de fomentar a presenza doutros idiomas na nosa biblioteca.

Para desenvolver o proxecto PLAMBE, contaremos co orzamento específico para fondos, ademais do propio do departamento que nos otorga o centro (5% do total, o mínimo que marcan as instrucións).

#### 11.2. Actividades Planificadas (poderán sufrir variacións e incorporacións)

- Samaín: concurso de ilustración “Malos de conto”. Marcapáxinas: a Bruxa do Oeste e Sandman.
- Gravación de podcasts sobre libros e sobre Correspondentes Xuvenís.
- Proxecto eTwinning sobre literatura e patrimonio.
- Celebración do Día dos Autores Europeos.
- Obradoiro de Igualdade baseado nos contos tradicionais (Día da Muller).
- Photocall en Nadal dunha árbore con temática literaria.
- Escolma e adquisición de fondos da biblioteca sobre este tema.
- Creación de Guías de Lecturas específicas e recomendacións lectoras.
- Pintura mural sobre os personaxes máis salientables da Literatura.
- Proxecto de animación á lecto-escritura “Malos de Conto” no Samaín.
- Obradoiros artísticos: “A Arte de Contar”: Alicia, O Hobbit, Charlie e a fábrica de chocolate, A Invención de Hugo Cabret...
- Entroido: obradoiro de disfraces, desfile e exposicións.
- Deseño de marcapáxinas: chapines vermellos, Harry Potter, Sandman...
- Contacontos: en Inglés e Galego (Charo Pita & Alice Fernback) e en Galego (Paula Carballeira).

## 12. DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E PROXECTOS

- Deseño e maquetación de boletíns bimensuais con recomendacións de lectura, consellos ALFIN, programación de actividades,...
- Continuación do blogue da biblioteca, da radio, dos correspondentes e de programas europeos.
- Publicacións nas contas de Twitter, Ivoox, facebook e Instagram.
- Continuación cos apartados dedicados á Biblioteca dentro da páxina web do centro, cunha mellora da clasificación e dos “botóns”.
- Elaboración dos artigos relacionados coa Biblioteca que serán integrados na revista escolar.
- Información ás familias a través da web, dos blogs e do Espazo Abalar.
- Posta en contacto coa prensa local.
- TwinSpaces dos proxectos internacionais.
- Exposicións (físicas e virtuais) de recomendacións de lectura, de novidades, actividades propostas, concursos vencellados á biblioteca,...
- Presentación das actividades da nosa biblioteca nas visitas de boas prácticas doutros centros.
- Presentación dos nosos proxectos na conferencia de centros co Selo eTwinning.

## 13. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS

A avaliación será continua, o que nos permitirá introducir melloras en calquera momento. Nun centro tan pequeno coma o noso a relación directa coa comunidade educativa é permanente e a retroalimentación constante, porén, para conseguir unha avaliación máis obxectiva actuaremos nos seguintes aspectos:

- Concretaremos un cronograma para sistematizar o proceso de avaliación.
- Realizaremos diversas enquisas e procederemos a avaliar os resultados das mesmas: sobre a participación nos distintos programas, o uso de TIC, as necesidades dos departamentos, emprego das instalacións, coñecemento de xéneros...
- Teremos en conta os comentarios en todos os nosos blogues e redes sociais, así coma no buzón instalado para este fin.
- Valoraremos o número de profesores que participan nos PFPP da Biblioteca, así como os resultados das súas enquisas. Tamén valoraremos os resultados das enquisas dos CFR nas nosas actuacións coma relatores para outros centros.
- Empregaremos o Programa Meiga para comparar os rexistros efectuados e a súa distribución por áreas e niveis, podendo así obxectivar o tipo de fondos que temos e que aspectos debemos reforzar.

- Teremos en conta o número de proxectos e programas coordinados (ou que contan coa participación) da biblioteca e a súa avaliación por parte dos organismos competentes.
- Realizaremos cuestionarios de diversa índole para coñecer a opinión da comunidade educativa sobre a súa relación coa biblioteca e os aspectos que resultan máis satisfactorios e aqueles nos que precisamos mellorar.

O resultado destas enquisas permitiranos coñecer o grao de satisfacción dos usuarios e poderemos establecer así mecanismos correctores se fora preciso para acadar os obxectivos propostos.

- Presentaremos as memorias dos nosos proxectos aos organismos competentes para seren avaliados e teremos en conta as conclusións.

Por outra banda, en canto á organización dos fondos, empregaremos o Programa Meiga para comparar os rexistros efectuados e a súa distribución por áreas e niveis, podendo así obxectivar o tipo de fondos con que contamos e cales son os aspectos que deben ser reforzados.

No referente á dinamización lectora contaremos con diversos indicadores:

- Número de préstamos realizados.
- Número de consultas.
- Horas semanais ocupadas en actividades promovidas pola biblioteca.
- Horas semanais ocupadas polo profesorado en actividades de busca e tratamento da información.

Establecemos uns **indicadores de logro específicos** (que adxuntamos) con respecto ao cumprimento dos nosos obxectivos, da dinamización lectora e do uso da biblioteca: número de cursos que empregan ELBE, nº de rexistros realizados, mínimo de celebracións e exposicións, nº de PFPP coordinados, aumento da porcentaxe de non-ficción, grupo de voluntariado, nº de traballos interdisciplinarios coordinados, nº de Plans Proxecta, Clubs de Lectura (de EP e ESO), nº de aulas/departamentos que empregan a radio, montaxe do Laboratorio Creativo, creación do plan sistemático de formación de usuarios, presentación a premios, ampliación do plan de difusión, nº de empréstitos, horas semanais ocupadas en actividades promovidas pola biblioteca, horas semanais dedicadas a actividades de busca e tratamento da información, nº de publicacións, visitas e comentarios nos blogues e redes sociais...

Portas, 9 de Outubro de 2023.

Asdo. Sara Rosales Sueiro, coordinadora da Biblioteca.

## ANEXO: TÁBOA INDICADORES DE LOGRO BIBLIOTECA PLAMBE 2023/24

ACTIVIDADE	OBXECTIVO	Mínimo a conseguir	Grao de consecución
<b>PROGRAMAS E PROXECTOS</b>			
Proxecto Lector	Renovalo e aprobalo	1	
PAL	Renovalo	1	
Laboratorio Creativo	Habilitar novo espazo	1	
	Estrear croma	2 proxectos	
	Coordinar proxectos creativos	1	
Proxectos Interdisciplinarios	Coordinar proxectos	1	
PFPP	Coordinar liña propia da biblioteca	1	
	Actividades	1	
	Participantes	10% profesorado	
Seccións Bilingües	Coordinar Programas Europeos	1	
	Coordinar Seccións Bilingües	2	
	Adquirir novos fondos específicos	10	
	Sinalar os fondos existentes	100%	
Plan Proxecta	Coordinar	1	
Radio Escolar	Coordinar "Radio na Biblio"	1	
	Publicar podcasts	3	
	Obradoiro profesional	1	
	Habilitar novo espazo	1	
Clubes de Lectura	E. Primaria	1	
	E. Secundaria	1	
	Adultos	1	
Lectura Virtual	Plataforma ELBE	Toda a ESO	
	Selección libros electrónicos	1	
<b>MATERIAIS</b>			
Guías	Lecturas Obrigatorias	3	
	Guía de Lecturas de Inclusión	1	
	Guía de Lecturas de Igualdade	1	
Boletíns	Novidades e ALFIN	3	
Formación de Usuarios	Actividades coñecemento da CDU	Dende 2º ciclo E.P.	
	Guía de usuarios da biblio	1	
<b>ACTIVIDADES</b>			
Roteiro Literario	Organizar roteiro	1	
Horas presenciais de garda	Recreos	10/semana	
	Lectivas	10/semana	
	Non lectivas	4/semana	
Novo Itinerario Lector	Deseñar e publicitar	1	
Celebracións	Todo o Centro	3	
Exposición de Fondos	Por datas ou temas	4	
Datas Sinaladas	Celebrar as máis relevantes	15	
<b>FONDOS</b>			
Rexistros	Catalogar novos fondos	De 9.391 a 9.500	
	Completar os vellos rexistros	Do 1 ao 2.000	
Nova cartelería	Andeis	CDU 5, 6 e 7	
Adquisicións	Galego	Aumentar	
	Non Ficción	Aumentar	
<b>PLAN DE DIFUSIÓN</b>			
Enquisas/cuestionarios	Sobre o uso da biblioteca	Alumnos	
		Profesores	
		Familias	
	Sobre o noso PFPP	Externa (CFR)	
	Sobre os nosos relatorios	Externa (CFR)	
	Sobre fondos	2	
Web, blogues e redes sociais	Revisión comentarios	100%	
	Aumento publicacións	20%	